

ANEXO III

MODELO DE RENUNCIA

D/Dña con DNI nº actuando en nome e representación de con enderezo en

MANIFESTA

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da resolución de pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego para o proxecto unha contía de (euros).

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

, de de 20

Sinatura

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 21 de abril de 2010 pola que se convoca o I Foro de Emprego Público.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2010 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convó-

case o I Foro de Emprego Público, conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

A finalidade do I Foro de Emprego Público é realizar un foro para tratar as cuestións que se suscitan tras a entrada en vigor do Estatuto básico do empregado público, desde o coñecemento, a reflexión e o debate, mediante persoas expertas de recoñecido prestixio.

A perspectiva de estudo non é exclusivamente xurídica, xa que a análise será conveniente realizala acudindo a outros enfoques que permitan un tratamento máis integral, por abordarse desde a pluridisciplinidade.

Segunda.-*Contidos.*

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Estatuto básico do empregado público: antecedentes inmediatos e valoración.

-O Estatuto básico do empregado público: liñas de desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Os empregados públicos: dereitos e deberes de carácter individual.

-Estatuto básico do empregado público e contratación laboral: luces e sombras.

-O acoso psicolóxico.

-A vertente preventiva do acoso psicolóxico no emprego público.

-Perspectiva penal do acoso psicolóxico no emprego público.

-Influencia do acoso psicolóxico no sistema universitario de Galicia.

-Valores da Administración pública e os seus funcionarios públicos.

-Mellorar a organización, mellorando as persoas (formulación xeral).

-Breve referencia aos plans de ordenación de recursos humanos.

-Xestión de persoal e avaliación do desempeño nas administracións públicas.

-O desenvolvemento do Estatuto básico do empregado público: experiencias e leccións.

Terceira.-*Destinatarios.*

Persoal das diferentes administracións públicas, Administración autonómica e local, axentes sindicais, persoal investigador e interesados en xeral.

Cuarta.-*Desenvolvemento.*

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Datas: os xoves, 6 de maio, 3 de xuño e 8 de xullo

Horario: mañá e tarde.

Duración: 6 horas lectivas por sesión; foro: 18 horas lectivas.

Quinta.-*Número de prazas.*

Limitado pola capacidade do local.

Sexta.-*Solicitudes.*

-Os interesados en asistir a este foro poderanse inscribir para asistir un día en concreto, varios días ou todos eles marcando a opción que desexen na folla de inscrición.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedar prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41 - 881 99 70 14.

Sétima.-*Prazo.*

O prazo de presentación de solicitudes finalizará:

-O día 4 de maio, para o foro do día 6 de maio.

-O día 1 de xuño, para o foro do día 3 de xuño.

-O día 6 de xullo, para o foro do día 8 de xullo.

Oitava.-*Modificacións.*

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste foro, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustifícase a súa realización.

Novena.-*Certificado de asistencia.*

Será entregado un certificado de asistencia, ao final de cada sesión, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Así mesmo, a aquelas persoas que asistisen ás tres sesións do foro, e sempre que a súa asistencia a cada unha delas sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas, entregaráselles un certificado final de asistencia pola totalidade das horas do foro, se así o solicitan. Nestes documentos aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO
FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE	Nome	DNI
Apelidos		
2. DATOS PROFESIONAIS		
Posto de traballo/ Profesión	Corpo, subgrupo ou escala (1)	Nivel (2)
Entidade na que presta servizos: (3)		
Enderezo do posto de traballo: rúa	Nº	Localidade
	Provincia	CP
Correo electrónico:		
3. ACTIVIDADE SOLICITADA		
<p>Solicita asistir ao <i>I Foro de Emprego Público</i> que se desenvolverá os días 6 de maio, 3 de xuño e 8 de xullo de 2010 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela. (Marque os días que quere asistir):</p> <ul style="list-style-type: none"> • 6 de maio • 3 de xuño • 8 de xullo <p style="text-align: right;">Sinatura,</p> <p style="text-align: right;">..... de de 2010</p>		
<p>Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que ten atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro).</p>		

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

DIRECTOR DA EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 15 de abril de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica aos proxectos de consultoría externa dirixidos á análise económico-financieira das pequenas e medianas empresas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 1 de marzo de 2010, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de consultoría externa dirixidos á análise económico-financieira das pequenas e medianas empresas, facultando o director xeral para a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de consultoría externa dirixi-

dos á análise económico-financieira das pequenas e medianas empresas; e convocar para 2010 as ditas axudas en réxime de concorrencia non competitiva.

Segundo.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*; no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte; e rematará o 30 de xullo de 2010, ou no momento do esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es.

Terceiro.-Créditos.

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria	2010
02.02-E4/10/03-651700	500.000 €

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo da declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.